# 07. Rotulación de vehículos

# Contidos


**07**. 1 Marca corporativa 003

**07**. 2 Rotulación de vehículos

**07**. 2. 1 Vehículos do Concello 004

**07**. 2. 2 Vehículos Empresa concesionaria 007

**07**. 2. 3 Vehículos Empresa plurianual 009

**07**. 2. 4 Convivencia con outras marcas 010

# 07. 1

## Marca corporativa

Para a rotulación de vehículos de servizo público utilizarase o símbolo corporativo como identificativo común, acompañado da marca correspondente.

Os vehículos sobre os que se aplique esta rotulación teñen que ser sempre brancos.

A seguir amósanse exemplos de cada un dos casos.

# 07. 2 Rotulación de vehículos

## 07. 2. 1
## Vehículos do concello

Nesta sección amósase un exemplo de rotulación de vehículos do concello para o transporte de mercadorías, nas que se emprega o símbolo na parte traseira e a marca nas portas laterais usando para eles o maior espazo posible.



# 07. 2 Rotulación de vehículos

## 07. 2. 1
## Vehículos do concello

Nesta sección pode verse un exemplo de rotulación de vehículos de pequenas dimensións do concello para o transporte de mercadorías, nos que se usa o símbolo na parte traseira e a marca nas portas laterais empregando para eles o maior espazo posible.



# 07. 2 Rotulación de vehículos

## 07. 2. 1
## Vehículos do concello

Amósase nesta sección un exemplo de rotulación de vehículos do concello para o transporte de persoas pasaxeiras, na que se usa o símbolo na parte traseira e a marca nas portas laterais usando o maior espazo posible.

Nesta ocasión, ao non existir espazo suficiente na parte traseira para o recoñecemento do símbolo completo, empregarase só o círculo azul  corporativo con continuidade na parte traseira.

**Esta norma aplicarase en todos os casos nos  que o Cñ non conte con  suficiente espazo para  o seu recoñecemento.**

Terá preferencia a presenza e continuidade do símbolo na parte dereita dos vehículos rotulados, ao ser esta a parte máis visible para as persoas  viandantes.











# 07. 2 Rotulación de vehículos

## 07. 2. 2
## Vehículos Empresa concesionaria

Para este tipo de vehículos usaranse as mesmas normas de rotulación.

O logotipo ou marca da empresa concesionaria deberá plasmarse xunto coa do concello, a ser posible nas portas traseiras e cun tamaño non superior a esta.

En casos excepcionais podería prescindirse do símbolo para deixar espazo á gráfica da empresa concesionaria, sempre e cando este cambio sexa consultado e aprobado con anterioridade polo departamento de Imaxe do concello.



# 07. 2

# Rotulación de vehículos

## 07. 2. 2
## Vehículos Empresa concesionaria

Aquí amosamos máis exemplos de rotulación doutro tipo de vehículos.



# 07. 2

# Rotulación de vehículos

## 07. 2. 3
## Vehículos de empresa plurianuais

Para a rotulación de vehículos de empresas plurianuais usaremos única e exclusivamente o símbolo corporativo.

A identificación de cada empresa colocarase nun lugar visible, preferiblemente na porta dianteira do vehículo cunha placa imantada para que a persoa usuaria poida colocala cada vez que realice o servizo.



# 07. 2 Rotulación de vehículos

## 07. 2. 8
## Convivencia con outras marcas

No caso de que debamos colocar outros logotipos institucionais, representamos neste apartado a posición e tamaño que deben ocupar.

Posición: porta traseira

Tamaño: 60% con respecto á marca corportiva

